

O Concello de Celanova e o Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo, dependente da Deputación Provincial de Ourense, abren o prazo de inscrición para poder participar na edición 2022 da Romaría Etnográfica Raigame, que se viña celebrando anualmente o día 17 de maio en Vilanova dos Infantes.

Despois de dous anos de obrigado silencio, nada máis que con sinxelas propostas de participación a través das redes sociais, este ano que agardamos de remate definitivo da pandemia, queremos volver darlle á romaría Raigame o valor que a mesma ten no ámbito da celebración singular do día da Cultura Galega e no marco xeral da conmemoración do Día das Letras Galegas.

Dada a incidencia que durante estes últimos dous anos exerceu a pandemia en tódolos aspectos sociais, culturais, económicos e fundamentalmente sanitarios do noso día a día e a importancia que con ilo recobrou a atención sanitaria nas nosas vidas, tendo en conta que cada ano vimos poñendo o foco nun determinado oficio tradicional, o evento deste ano estará centrado no que poderíamos denominar a vella “medicina rural” (aquela na que a atención sanitaria era fundamentalmente ambulante ou a domicilio) que se perde na noite dos tempos e que se mantivo así ata practicamente a chegada da democracia.

O papel dos médicos rurais, que todos temos asociados no imaxinario colectivo á figura duns humanistas que cruzaban os camiños e congostras a cabalo para consultaren ós seus pacientes a domicilio, unido ó das admiradas “matronas” que tanta vida axudaron a traer ó mundo en condicións sanitarias moi precarias xunto co resto de persoal sanitario que ó longo do tempo se foi incorporando á sanidade, serán os que centren as homenaxes desta edición, así como a exposición que tamén se adoita organizar anualmente con tal motivo.

Aquelas persoas que desexen seren protagonistas dalgún dos espazos, tanto de interior como exteriores, que porá á súa disposición a organización, poderán descargar os formularios de solicitude das páxinas [www.raigame.es](http://www.raigame.es) ou [www.celanova.gal](http://www.celanova.gal) e tramitar a súa inscrición a través do rexistro municipal, ben facendo unha presentación persoal nas oficinas municipais ou a través do correo electrónico no seguinte enderezo: [registro@celanova.gal](mailto:registro@celanova.gal).

O prazo permanecerá de inscrición permanecerá aberto ata o próximo día 13 de marzo.

**Documentación:**

- [Solicitud e regras de preinscrición en Raigame 2022](#)
  - [Normas de inscrición e criterios de selección](#)
  - [NdP apertura de prazo de inscrición Raigame](#)
-